

PROGRAMACIÓN DE DIRECCIÓN I
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015)
CURSO 2024/25

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DIRECCIÓN I (1º cuatrimestre)											
ESPECIALIDADE:	Composición, Pedagogía						ITINERARIOS:		Composición Pedagogía/Do instrumento/canto; Xeral e da linguaxe musical		
CARÁCTER:	Obrigatoria						TIPO DE CLASE:		COLECTIVA		
DEPARTAMENTO:	Pedagogía						XEFE DE DPTO.:		Adriana Cristina García García		
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	Adriana Cristina García García	
	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII			
CUADRIMESTRES								Horas de clase semanais:	1,5		
ECTS/CUAD.			3					Observacións:			
DOCENTES:	NOME E APELIDOS						EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA		
	Adriana Cristina García García						aulamusicaldeadriana@gmail.com		Luns de 17:30 a 18:30 h		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
<p>DESCRITOR: Fundamentos da técnica de dirección coral e instrumental. Práctica dos xestos básicos de dirección. Coñecemento da práctica interpretativa a través do estudo das técnicas de dirección e da análise da música de conxunto cara á súa execución. Desenvolvemento de proxectos de interpretación de composicións diversas. Consecución de ferramentas de aplicación no desempeño da súa labor profesional.</p>	
COÑECEMENTOS PREVIOS:	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS DE CONTIDOS PROGRESIVOS, INTERESE DA DISCIPLINA PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS	
DA TITULACIÓN: é necesaria unha boa base a nivel artístico e xeral, así como a capacidade de expresarse e de liderazgo.	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T7, T8, T9, T10
COMPETENCIAS XERAIS:	X4, X7, X8, X10
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EC3, EC6, EC9, EC10, EP3, EP4, EP5, EP8
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Asumir a responsabilidade e o talante necesarios para liderar nunha actividade colectiva.	T1, T3, T10, P5, P8
2. Comprender e respectar as particularidades de cada tipo de formación e aprender a desenvolver a dirección musical dentro da dinámica de traballo específica de cada grupo	T1, T3, T7, T10, X7, X8, C6, P5, P8
3. Acadar o hábito de facer unha lectura completa da partitura dende o punto de vista directorial, aplicando un enfoque crítico e informado na interpretación da notación	T3, T8, C3, C9, P3
4. Acadar o dominio das destrezas xestuais requiridas na práctica da dirección coral e instrumental	T7, X10, P4
5. Acadar as capacidades para decidir sobre a aplicación das diferentes ferramentas xestuais e verbais en función de cada situación	T3, T7, T8, X7, X8, X10, C10, P4
6. Desenvolver unha audición activa e crítica que permita a interacción co conxunto	T7, X7, P3

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. A dirección	1.1 Funcións e perfil formativo e profesional 1.2. Historia da dirección coral e orquestral	3
2. O conxunto coral	2.1. Tipos de agrupacións corais. Agrupacións infantís e xuvenís. 2.2. Obxectivos e problemáticas específicas. 2.3. Consideracións organolóxicas e clasificación vocal. 2.4. Disposición espacial. 2.5. O quencemento vocal.	2
3. O material musical	3.1. A notación. Evolución do determinismo notacional. Áreas de indeterminación. Estudo crítico e historicamente informado. Retoques e tradicións interpretativas 3.2. Pulso, metro e ritmo. 3.3. Estudo tímbrico. Empaste e contraste sonoro. 3.4. Texturas e estratos. 3.5. Dinámica xeral e dinámica relativa. Perfil dinámico e uso do silencio. 3.6. Xeografía armónica e topografía melódica. 3.7. Estrutura proporcional e referencial. 3.8. Articulación, acentuación e tipos de ataque. Empaque. Vogalidade e consonántica. Acentuación do texto. Emisión e corte do son.	5
4. Comunicación verbal e xestual	4.1. Planos directoriais. Estratexias comunicativas. Comunicación verbal e imitativa. Xestualidade mimética, analóxica e convencional. 4.2. Os espazos e dimensións referenciais. Linguaxe corporal e comunicación facial. Capacidade comunicativa das articulacións do brazo (posición e relación de movemento). A batuta. Coordinación e independencia dos brazos. 4.3. Figuras e subdivisións. Compases simples e compostos. Xestos illados. 4.4. Traxectorias do xesto. Amplitude e perfil. Velocidade e aceleración do movemento. Proporcións. 4.5. Tipos de <i>levare</i> . Marcación de calderóns e cortes.	6
TOTAL SESIÓNS:		16

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Actividades introductorias	1		1
Exposición maxistral	4		4
Exposición prácticoteórica	8		8
Práctica xestual	11	14	25
Estudo individual		5	5
Pescuda de información		8	8
Actividades complementarias		8	8
Selección ou preparación de materiais e traballos		30	30
Titorías individuais		1	1
TOTAL	24	66	90

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Avaliación continua durante as clases e ensaios	Avaliación continua das habilidades comunicativas, as ferramentas xestuais e o control auditivo durante as clases prácticas	Todas	40%

Probas individuais ou colectivas	Uso de recursos técnicos adaptados a diferentes supostos musicais.	Todas	10%
Proba teórico-práctica	Asimilación dos contidos técnicos e musicais das clases. Elaboración dun traballo escrito sobre un tema consensuado co profesor (min. 10 páxinas)	Todas	30%
Portafolios	Colección sistemática do traballo: revisións, auto-análise, reflexións, ideas principais dos contidos, exercicios, auto-avaliacións, dúbidas resoltas, repertorio, apuntes, reseñas e comentarios de fontes, aportacións dos compañeiros, bibliografía etc. Reflexión sobre a materia, o aprendido na mesma.	Todas	20%

Observacións aplicables a tódolos tipos de avaliación e convocatorias: para aprobar a materia haberá que entregar tódolos traballos e obter polo menos un cinco en cada apartado.

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:

Cualificarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión de un decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa (Orde do 21 de novembro de 2016, Artigo 31)

0-4,9: Suspenso

5,0-6,9: Aprobado

7,00-8,9: Notable

9,00-10: Sobresaínte

PROCEDEMENTO PARA A MATRÍCULA DE HONRA: A matrícula de honra poderá ser outorgada aos estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 20% dos estudantes matriculados na materia no correspondente cuadrimestre, agás que o número de estudantes matriculados sexa inferior a 20, nese caso poderá concederse unha soa matrícula de honra. No caso de que varios alumnos cumpran os requisitos de obtención da matrícula de honra, esta será concedida a quen alcance a maior nota final. En caso de empate, terá máis peso a cualificación da proba teórico-práctica. A profesora poderá decidir non conceder a matrícula de honra se a algunha das ferramentas de avaliación correspondeu unha cualificación menor de 8.

6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)

Avaliación continua durante as clases e ensaios	Avaliación continua das habilidades comunicativas, as ferramentas xestuais e o control auditivo durante as clases prácticas	Todas	40%
Probas individuais ou colectivas	Uso de recursos técnicos adaptados a diferentes supostos musicais.	Todas	10%
Proba teórico-práctica	Asimilación dos contidos técnicos e musicais das clases. Elaboración dun traballo escrito sobre un tema consensuado co profesor (min. 20 páxinas)	Todas	30%
Portafolios	Colección sistemática do traballo: revisións, auto-análise, reflexións, ideas principais dos contidos, exercicios, auto-avaliacións, dúbidas resoltas, repertorio, apuntes, reseñas e comentarios de fontes, aportacións dos compañeiros, bibliografía etc. Reflexión sobre a materia, o aprendido na mesma.	Todas	20%

Ver as observacións da avaliación ordinaria

6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA CON MÁIS DE 4 FALTAS)

Proba individual con agrupación	Ensaio dunha peza para cuarteto vocal (SATB). O/a alumno/a farase cargo da participación das agrupacións.	Todas	40%
Proba teórico-práctica	Elaboración dun traballo escrito sobre un tema consensuado co profesor (min. 30 páxinas)	Todas	40%
Proba escrita	Comentario crítico de documentos escritos, sonoros ou audiovisuais,	Todas	20%

Ver as observacións da avaliación ordinaria

6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Proba individual con agrupación	Ensaio dunha peza para cuarteto vocal (SATB). O/a alumno/a farase cargo da participación das agrupacións.	Todas	40%
Proba teórico-práctica	Elaboración dun traballo escrito sobre un tema consensuado co profesor (min. 30 páxinas)	Todas	40%
Proba escrita	Comentario crítico de documentos escritos, sonoros ou audiovisuais,	Todas	20%
Ver as observacións da avaliación ordinaria			

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no <i>Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</i></p> <p>Asimesmo terase en conta a <i>ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</i></p>	<p>Aqueles que establece a Consellería competente en materia de Educación.</p>

8. BIBLIOGRAFÍA

- ADLER, S.: *El estudio de la Orquestación*. Idea Books, Barcelona, 2006.
- BOULEZ, P.: *La Escritura del Gesto*. Gedisa. Barcelona, 2003.
- BOWEN, J. A.: *The Cambridge Companion of Conducting*. CUP, 2003.
- BURTON, A.: *A Performer's Guide to Music of the Baroque Period*. ABRSM, London, 2001.
- BURTON, A.: *A Performer's Guide to Music of the Classical Period*. ABRSM, London, 2001.
- BURTON, A.: *A Performer's Guide to Music of the Romantic Period*. ABRSM, London, 2001.
- BROWN, C.: *Classical and Romantic Performing Practice 1750-1900*. Oxford University Press, 2004.
- CAO, P.: *Technique de la direction chorale*. Editions à Choeur Joie, Lyon, 2006.
- GALLO, J. A.; GRAETZER, G.; NARDI, H.; RUSSO, A.: *El director de coro. Manual para la dirección de coros vocacionales*, Ricordi, Buenos Aires, 1979.
- GUSTEMS, J.; ELGSTRÖM, E.: *Guía práctica para la dirección de grupos vocales e instrumentales*. Graó, Barcelona, 2008.
- HARNONCOURT, N.: *Discurso sonoro*. Acantilado, Barcelona, 2006.
- HARNONCOURT, N.: *El Diálogo Musical*. Paidós, Barcelona, 2003.
- JOST, P.: *Instrumentación*. Idea Books, Barcelona, 2005.
- LAWSON, C.; STOWELL, R.: *La interpretación histórica de la música* Alianza Música. Madrid, 2005.
- LORENZO DE REIZÁBAL, M.: *En el Podio*. Boileau, Barcelona, 2009.
- MATHEOPOULOS, H.: *Los grandes directores de orquesta*. Robinbook, Barcelona, 2007.
- MEIER, G.: *The Score, the Orchestra, and the Conductor*. Oxford University Press, 2009.
- METZGER, H. K.; RIEHN, R. (dirs.): *El Problema de la interpretación en Beethoven*. Idea Books, Barcelona, 2003.
- MILSON, D.: *Theory and Practice in Late Nineteenth-Century Violin Performance: An Examination of Style in Performance, 1850-1900*. Ashgate, Aldershot, 2003.
- NAVARRO, F.: *Nueva Técnica de Dirección de Orquesta, Coro y Banda*. Alvarellos. Lugo, 2000.
- RODRÍGUEZ, R.: *Dirección de coro*. Junta de Andalucía, 2013.
- RUDOLF, M.: *The grammar of conducting. A comprehensive guide to baton technique and interpretation*. Schirmer, Nueva York, 1995.
- SARDÓ I PARALS, A.: *El gesto en la dirección de orquesta*. Clivis. Barcelona, 2006
- SCHERCHEN, H.: *Tratado de Dirección de Orquesta*. Labor, Barcelona, 1988.
- SWAROWSKY, H.: *Dirección de orquesta, defensa de la obra*. Real musical, Madrid, 1989.
- TRANCHEFORT, F. R. (dir.): *Guía de la Música Sinfónica*. Alianza, Madrid, 2002.
- WALTERSHAUSEN, H.: *El arte de la dirección orquestal*. UTEHA, México, 1966.